

SESIÓN DE RISOTERAPIA



O mércores 21 de Outubro chegou o noso centro un personaxe moi especial para a vida dos nenos, deses que sempre nos fan rir. Grazias a colaboración do concello tivemos unha sesión de tarde moi diferente da habitual.

Fixonos diferentes trucos de máxía, representacións, presentounos xogos... todo, coa colaboración dos nenos e nenás que estaban á seren uns espectadores do máis motivados.

Como podedes ver nas imaxes o sorriso sempre estivo presente ao longo da actuación. Juanjo e Paula participaron nun truco de máxía no que precisaba pãnos de cores que máis tarde, ao seren metidos nun saco máxico, se converterían, para sorpresa de todos, en fantástica lencería.



Tamén fixo diferentes xogos nos que os cativos foron os protagonistas. Entre eles, destaco o das sillas ao ritmo dunha música do máis marchosa e o xogo de comer galletas penduradas dun fio coas mans na espalda.



Cos profes tamén fixo máxía. Eles tampouco deixaron de rir ao longo da actuación. Adrián, Pepe e Iván participaron nun truco onde as cordas eran fundamentais. E, coas profes, con elas si que rimos! O paiaso pediulles que lle cumpriran o soño de ser director dunha película. Elas serían as actrices. Para elo, repartiulles diferentes papeis nos que se terían que meter como verdadeiras profesionais. Era a representación dunha historia de amor cun final trágico. Sen dúbida, Eva, Belén, María, Lorená e Rosa estiveron á altura en cada unha das súas interpretacións.



UN APLAUSO PARA TODOS ELES!